



A situación do emprego no sector TIC e no sector da economía do coñecemento en Galicia. **Ano 2012**

OSIMGA – marzo 2013

Situación do emprego no sector TIC e no sector da economía do coñecemento en Galicia

Ano 2012

Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia

Xunta de Galicia

Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)
Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia

Santiago de Compostela

2013

Elaborado polo **Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia.**

© Xunta de Galicia.

Esta obra está baixo unha licenza

Recoñecemento-CompartirIgual 3.0 España de Creative Commons.



Para ver unha copia da licenza, visite:

<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/es/>

Este informe elaborouse en LibreOffice e está dispoñible no portal do OSIMGA:

<http://http://www.osimga.org>

O obxectivo deste informe é presentar un resumo actualizado dos datos de emprego do sector TIC e do sector da economía do coñecemento en Galicia correspondentes ao ano 2012. Este informe foi elaborado polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), a partir dos datos proporcionados polo IGE, procedentes dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social.

O informe consta de dous capítulos:

1. Emprego no sector TIC
2. Emprego no sector da economía do coñecemento

De seguido, relaciónanse os epígrafes CNAE que constitúen o sector TIC así como a definición do sector da economía do coñecemento, establecida para a Axenda Dixital de Galicia 2014.gal.

SECTOR DA ECONOMÍA DO COÑECEMENTO. RELACIÓN DE CNAES

SECTOR TIC

- 26.1 Fabricación de compoñentes electrónicos e circuítos impresos ensamblados
- 26.2 Fabricación de ordenadores e equipos periféricos
- 26.3 Fabricación de equipos de telecomunicacións
- 26.4 Fabricación de produtos electrónicos de consumo
- 26.8 Fabricación de soportes magnéticos e ópticos
- 46.5 Comercio polo xunto de equipos para as tecnoloxías da información e as comunicacións
- 58.2 Edición de programas informáticos
- 61.1 Telecomunicacións por cable
- 61.2 Telecomunicacións sen fíos
- 61.3 Telecomunicacións por satélite
- 61.9 Outras actividades de telecomunicacións
- 62.0 Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática
- 63.1 Proceso de datos, hosting e actividades relacionadas; portais web
- 95.1 Reparación de ordenadores e equipos de comunicación

SECTOR CONTIDOS E MEDIOS DE INFORMACIÓN

- 581 Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais
- 591 Actividades cinematográficas, de video e de programas de televisión
- 592 Actividades de gravación de sonido e edición musical
- 601 Actividades de radiodifusión
- 602 Actividades de programación e emisión de televisión
- 639 Outros servizos de información

SECTOR EDITORIAL

- 1811 Artes gráficas e servizos relacionados coas mesmas
- 1812 Outras actividades de impresión e artes gráficas
- 1813 Servizos de preimpresión e preparación de soportes
- 182 Reprodución de soportes gravados

AXENCIAS DE PUBLICIDADE

- 7311 Axencias de publicidade
- 7312 Servizos de representación de medios de comunicación


SECTOR DA BIOTECNOLOXÍA

- 2014 Fabricación doutros produtos básicos de química orgánica
- 211 Fabricación de produtos farmacéuticos de base
- 212 Actividades biolóxicas en laboratorio farmacéutico
- 2344 Fabricación doutros produtos cerámicos de uso técnico
- 325 Fabricación de instrumentos e fornecementos médicos e odontolóxicos
- 7211 Investigación e desenvolvemento experimental en biotecnoloxía
- 7219 Outra investigación e desenvolvemento experimental en ciencias naturais e técnicas

1. EMPREGO NO SECTOR TIC

Tomando como referencia os datos proporcionados polo Instituto Nacional de Estadística, no ano 2012 contabilízanse un total de **1.976 empresas do sector TIC de Galicia**, o que supón un incremento do 4,2% en relación ao 2011. Deste xeito, Galicia sitúase como sexta Comunidade Autónoma con maior número de empresas do sector TIC no conxunto do Estado.

O nivel de emprego no sector TIC galego situouse en 2012 nun promedio de **15.473 traballadores/as**. A evolución interanual do emprego no sector mostra un lixeiro retroceso en relación ao exercicio 2011 (15.855), pero mantense nunha situación de **equilibrio** a diferenza doutros sectores da economía.



Gráfica 1: Emprego no sector TIC de Galicia (nº de empregados/as)

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos proporcionados polo IGE procedentes dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social. Anos 2008 – 2012.

Nota: No ano 2009 produciuse a adaptación á nova clasificación europea (NACE Rev.2) e á versión española da mesma (CNAE 2009). Isto pode provocar desviacións na evolución deste indicador.

A redución do volume de emprego no sector TIC en 2012 afecta aos traballadores/as do réxime xeral e aos autónomos. Na seguinte táboa móstrase a distribución do emprego no sector TIC en 2011 e 2012 segundo o tipo de réxime da Seguridade Social.

ANO / RÉXIME	RÉXIME XERAL	RÉXIME ESPECIAL DE AUTÓNOMOS	TOTAL
Media 2011	12301	3554	15855
Media 2012	12032	3442	15473

Táboa 1: Emprego no sector TIC segundo o tipo de réxime (nº de empregados/as)

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos proporcionados polo IGE procedentes dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social. Xuño/Decembro 2011 – 2012.


Identifícase unha fenda de xénero de 24 puntos porcentuais no sector TIC de Galicia. No ano 2012 o sector empregou a **5.886 mulleres e 9.587 homes**, o que se traduce nunhas porcentaxes do 38% e o 62% respectivamente. **Incrementábase a fenda de xénero no sector TIC en 6 décimas** en relación ao ano 2011.



Gráfica 2: Emprego no sector TIC segundo xénero (%)

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos proporcionados polo IGE procedentes dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social. Xuño/Decembro 2012.

A provincia da Coruña concentra máis da metade do emprego no sector TIC no ano 2012, con 8.377 traballadores/as, que representa o 54,1% do total, seguida de Pontevedra con 4.700 traballadores/as. As dúas provincias con maior volume de emprego son as máis afectadas pola redución do número de empregados no período 2011 – 2012. A provincia de Lugo mantén o mesmo volume interanual de traballadores/as e Ourense sitúase como a provincia con menor volume de emprego no sector TIC en Galicia.



Gráfica 3: Emprego no sector TIC por provincias (nº de empregados)

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos proporcionados polo IGE procedentes dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social. Xuño/Decembro 2012.


O emprego no sector TIC representa o **1,6% do total de afiliacións á Seguridade Social** en Galicia durante o ano 2012, con 15.473 traballadores/as nun total de 941.186 afiliacións. Esta proporción mantense nos mesmos termos dende o ano 2009.

2. EMPREGO NO SECTOR DA ECONOMÍA DO COÑECEMENTO

O volume de emprego no conxunto do sector da economía do coñecemento supera os **30.000 traballadores/as no 2012**, como resultado do agrupamento dos traballadores/as do réxime xeral e os autónomos no sector TIC, o sector dos contidos e medios de información, o sector editorial, as axencias de publicidade e o sector da biotecnoloxía segundo os CNAE analizados.

O sector TIC, con **15.473 traballadores/as**, representa **máis do 50% do volume de emprego** no conxunto do sector da economía do coñecemento e incrementa a súa representatividade en relación ao ano 2011 a pesar da redución no número de traballadores/as en termos xerais.

A evolución interanual dos sectores que conforman a economía do coñecemento mostra esta contracción no emprego, agás no **sector da biotecnoloxía**, que incrementa un 3,3% o seu volume de emprego en relación ao ano 2011.



Gráfica 4: Emprego no sector da economía do coñecemento (nº de empregados)

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos proporcionados polo IGE procedentes dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social. Xuño/Decembro 2012.

Un 79,9% dos traballadores/as do sector da economía do coñecemento cotizan no réxime xeral e un 20,1% son autónomos. Esta mesma proporción mantense nos mesmos niveis do ano 2011. Como dato positivo identifícase unicamente un mínimo **incremento no número de autónomos no sector editorial** no 2012 (771) en relación ao ano 2011 (765).

Na seguinte táboa móstrase a distribución do emprego no sector da economía do coñecemento durante o ano 2012 segundo o tipo de réxime da Seguridade Social.

SECTOR/RÉXIME	RÉXIME XERAL	RÉXIME ESPECIAL DE AUTÓNOMOS	TOTAL
SECTOR TIC	12032	3442	15473
SECTOR CONTIDOS E MEDIOS DE INFORMACIÓN	4790	753	5543
SECTOR EDITORIAL	2311	771	3082
AXENCIAS DE PUBLICIDADE	1646	859	2505
SECTOR DA BIOTECNOLOXÍA	3485	282	3767
TOTAL SECTOR DA ECONOMÍA DO COÑECEMENTO	24264	6105	30369

Táboa 2: Emprego no sector segundo o tipo de réxime (nº de empregados/as)

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos proporcionados polo IGE procedentes dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social. Xuño/Decembro 2012.


A distribución do emprego no sector da economía do coñecemento segundo o xénero presenta unha distribución semellante á identificada no sector TIC. Catro de cada dez traballadores/as do sector da economía do coñecemento son mulleres (39,7%), incrementando en 8 décimas a fenda de xénero no conxunto do sector en relación ao ano 2011.



Gráfica 5: Emprego no sector da economía do coñecemento segundo xénero (%)

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos proporcionados polo IGE procedentes dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social. Xuño/Decembro 2012.

A provincia da Coruña concentra máis da metade do emprego no sector da economía do coñecemento (53,6%), contabilizando 16.268 traballadores/as, seguida de Pontevedra cun 32,6%. Esta proporción mantense nos mesmos valores que no ano 2011, confirmando a polarización deste sector nas provincias occidentais, máis dinámicas en termos económicos e demográficos.



Gráfica 6: Emprego no sector da economía do coñecemento por provincias (nº de empregados/as)

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos proporcionados polo IGE procedentes dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social. Xuño/Decembro 2012.

A taxa de emprego no sector da economía do coñecemento mantense no 3,2% dende o ano 2011, rexistrando 30.369 traballadores/as nun total de 941.186 afiliacións á Seguridade Social en Galicia durante o ano 2012.

3. CONCLUSIONES E MEDIDAS DE APOIO

De seguido achéganse unha relación das principais conclusións do informe sobre a situación do emprego no sector TIC e no sector da economía do coñecemento en Galicia no ano 2012.

1. No sector TIC

- Contabilízanse un total de **1.976 empresas do sector TIC de Galicia**, o que supón un incremento do 4,2% en relación ao ano 2011.
- O nivel de emprego no sector TIC galego situouse en 2012 nun promedio de **15.473 traballadores/as**.
- A evolución interanual do emprego no sector TIC mostra un lixeiro retroceso en relación ao exercicio 2011, pero mantense nunha situación de **equilibrio** a diferenza doutros sectores da economía.
- **Incrementábase a fenda de xénero no sector TIC en 6 décimas** en relación ao ano 2011.
- **A provincia da Coruña concentra máis da metade do emprego no sector TIC** no ano 2012, con 8.377 traballadores/as.
- O emprego no sector TIC representa o **1,6% do total de afiliacións á Seguridade Social** en Galicia durante o ano 2012, con 15.473 traballadores/as nun total de 941.186 afiliacións. Esta proporción mantense nos mesmos termos dende o ano 2009.

2. No conxunto do sector da economía do coñecemento

- O **volumen de emprego no conxunto do sector da economía do coñecemento** supera os 30.000 traballadores/as no 2012.
- O sector TIC, con **15.473 traballadores/as**, representa **máis do 50% do volumen de emprego** no conxunto do sector da economía do coñecemento e incrementa a súa representatividade en relación ao ano 2011.
- No 2012 o **sector da biotecnoloxía** incrementou un 3,3% o seu volumen de emprego en relación ao ano 2011.
- Identifícase unicamente un **incremento no número de autónomos no sector editorial** no 2012 en relación ao ano 2011.

- **A provincia da Coruña** concentra máis da metade do emprego no sector da economía do coñecemento (53,6%), contabilizando 16.268 traballadores/as, seguida de Pontevedra cun 32,6%.
- A **taxa de emprego no sector da economía do coñecemento** mantense no 3,2% dende o ano 2011.

3. Medidas de apoio da AMTEGA

- **Dar continuidade ás iniciativas de fomento da actividade empresarial no sector da economía do coñecemento a través do Centro Demostrador TIC de Galicia (CDTIC) e o clúster TIC.**
- **Intensificar un seguimento anual dos indicadores de emprego no sector TIC a través do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA) en colaboración co Instituto Galego de Estatística (IGE).**
- **Fomentar o equilibrio territorial no desenvolvemento de proxectos empresariais innovadores no ámbito da economía do coñecemento, especialmente nas provincias do interior, a través do Plan Impulsa Lugo e Plan Impulsa Ourense desenvolvidos pola Xunta de Galicia.**
- **Desenvolver campañas de divulgación que faciliten o acceso e mellora da situación laboral das mulleres e das asociacións de mulleres, especialmente nos postos directivos e de toma de decisións nas empresas.**
- **Continuar coa elaboración de informes ad hoc sobre a incorporación das mulleres tecnólogas ao mercado laboral en colaboración coa Unidade de Muller e Ciencia e a Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia.**

